

PROGRAMA CULTURAL 2021

Sábado 27 de febreiro

19h. Uxía, Rosalía Pequeniña

Prezo: 3€

Uxía, considerada a grande dama da música galega, trae unha adaptación da poesía de Rosalía de Castro para os máis novos. Como unha das maiores divulgadoras da poesía galega, nos seus máis de 30 anos de carreira artística, renovou a música tradicional galega conectándoa coas culturas atlánticas, mesturando alalás (a forma de música tradicional galega máis antiga e característica) con morna, fado e ritmos brasileiros.

O seu último disco, **UXIA-O, adicado ao poeta lucense Uxío Novoneyra**, foi o gañador a **Mellor álbum en galego nos Premios MIN 2018 da Música Independiente de España** e tamén de **tres Premios Opinión de Música de raíz 2018** a Mellor disco, Mellor tema orixinal ("Fiandeira") e Mellor artista.

Presentaron o disco en lugares como Valencia (Festival Etnomusic 2019), Colorado, EE. UU. (Wright Opera House), Viena (Sargfabrik), Daegu, Corea do Sur (Suseong World Music Festival), Seúl, Corea do Sur (Sejong Festival), Tokio (Instituto Cervantes), Niteroi (Rio de Janeiro), Lorient (Festival Interceltique de Lorient), Burdeos (Le Rocher de Palmer) ou Manresa (Fira Mediterrània), e en Galicia en Coruña (Teatro Colón), Lugo (Vello cárcere) ou as festas de Mugardos, Ponteareas ou Ribadumia.

Venres 5 de marzo

19:30h. Rock Cirk de Rolabola

Prezo: 3€

Premio Nacional de Circo 2017

Rock Cirk preséntannos un espectáculo circense aderezado con punteos de guitarra eléctrica, redobres de batería estrambóticos, desgarrados voos, equilibrios esperpénticos e melenas ao aire que se desenvolve nunha peculiar estrutura aérea autónoma. Un rechamante cadro de personaxes roqueiros capaces de seducir a calquera tipo de público, unha mestura dinámica, fresca e divertida entre as técnicas de circo e o Rock máis puro, clásico e divertido, na que se coa un peculiar "home tirachinas" que será disparado ante a mirada atenta do respectable. Un espectáculo que se desenvolve cunha linguaxe corporal, expresivo e musical, cheo de humor, onde a sorpresa e o risco non nos deixarán quitar atención.

Domingo 7 de marzo

19:30h. Aldaolado: o benquerer(se)

Prezo: 3€

Sesenta minutos de música, poesía e sobre todo humor, onde a escolla de temas xira arredor da temática da igualdade de xénero.

O dúo artístico Aldaolado está composto por Lucía Aldao e María Lado, dúas poetas galegas de consolidada carreira que no ano 2005 decidiron unir os seus nomes e os seus esforzos creativos para dar lugar a esta proposta. Aldaolado é un proxecto artístico orientado á poesía escénica, co que conseguiron facer do recital un acto atractivo, próximo e divertido para todo tipo de público, mesmo para aquel que nunca leu poesía. A súa espontaneidade e complicidade en directo é a base sobre a que crearon case unha ducia de espectáculos, nos que tratan temas de interese colectivo a través do humor, coma a lingua, o amor romántico, a igualdade de xénero, a vida de poeta e un longo etcétera.

Venres 12 de marzo

20h. Zënzar Benvidas ó futuro

Prezo: 5 €

Os de Cerceda comezan o 2021 cun novo traballo discográfico, **BENVIDAS Ó FUTURO** é un disco que mira ó pasado (facendo alusión ó primeiro disco da banda, **Disparados ó futuro**) pero sobre todo ó momento presente. Apostando polos directos enérxicos e guitarreiros habituais, Zënzar pon voz e música ós problemas persistentes na Galicia do século XXI, como é a eucaliptización do territorio, as políticas do espolio, as loitas das labregas e dos labregos, a historia das mulleres do rural ou a contaminación. Sen esquecerse de mencionar as redes sociais e as novas formas de relacionarnos que trouxo o progreso tecnolóxico, un futuro que agora non parece tan bonito como nolo pintaban. Zënzar, a banda decana do rock galego e en galego, segue a afinar os instrumentos cumpridos os 32 anos de actividade constante.

Venres 19 marzo

20h. 22M de Butaza Zero

Prezo: 3€

Unha proposta teatral sobre o confinamento

Mar e Xan son unha parella fóra do común, coma todas. Viven tan tranquilamente no seu pisiño de 32m². A vida pasa e o mundo xira, volta e volta, coma un filete. Pero un día, o mundo esmendréllese. O que era unha Nación convértese nunha HiberNación e hai que facer todo o que di Simón. Mar non recoñece a súa vida. Xan non recoñece á súa parella. O mundo redúcese a catro paredes e xa ninguén entende nada. 32m² é un enredo co que todo o público se poderá sentir identificado, pois todos mercamos un chisco máis de papel hixiénico do habitual e todas tivemos que acabar por levantar as nosas propias alfombras para descubrir a merda que tiñamos debaixo dos propios pés.

Venres 26 de marzo

20h. Leilía

Prezo: 5€

CANTARELAS, 30 ANIVERSARIO

Leilía emprende esta nova aventura cos pés postos no seu novo traballo discográfico e á vez botando a mirada atrás, ás súas orixes e ao percorrido que levan feito xuntas, dende hai xa 30 anos. O espectáculo **CantarELAS** florece aunando temas emblemáticos, que acompañaron e emocionaron á banda e ao público nos directos, con temas pouco coñecidos e revestidos co toque actual de Leilía. Con eles queren celebrar o seu aniversario, pechar o círculo conectando a orixe coa actualidade, pasando polas diferentes sonoridades do grupo. **CantarElas** é unha viaxe a través das melodías, da evolución sonora, dos cambios escenográficos... e un convite a percorrer con Leilía a súa historia, nun espectáculo co que queren agasallar ao público que as acompañou estas tres décadas.

Sábado 27 de marzo

19:30h. A lingua das bolboretas

Prezo: 3€

Un texto de Manolo Rivas levado ao teatro.

A través da entrañable relación que manteñen o mestre, don Gregorio, e o none, Pardal, vaise descubrindo a historia da fascinación infantil do protagonista ante o descoñecido e do sufrimento que provoca a represión das liberdades humanas.

O proceso de aprendizaxe que emprende o rapaz da man do mestre da escola (unha figura que simboliza a liberdade que xera o coñecemento) é testemuña tamén da traxedia que supón vivir con medo, do cru impacto que xera o estalido dunha guerra civil.

Martes 30 de marzo

19h. Orquesta GAOS

Prezo: 3€

A Orquesta Gaos ofrecerá no seu primeiro concerto de 2021 un dobre programa no que se inclúen 2 importantes obras. Por unha banda o concerto para trompeta e orquestra de Haydn e por outra a sinfonía nº 4 de Mahler, en versión de Klaus Simon.

O concerto de Haydn foi o único concerto que o mestre compuxo para este instrumento, e á vez, o primeiro escrito para trompeta capaz de executar cromatismos. Foi en 1792 cando o trompetista Weidinger, incómodo co instrumento da época, inventa unha trompeta provista de chaves que lle permitían producir semitóns. Amigo de Haydn, pídelles a composición dun concerto co que probar o seu novo instrumento que estrea, tras anos de práctica con obras menores, o 22 de marzo de 1800.

A sinfonía no. 4 de Mahler é unha das súas obras máis líricas, escrita en linguaxe neoclásico. O significado de esta obra baséase no último movemento que expresa o benestar da vida celestial. O primeiro movemento recórdanos a vida terrenal, que a través da morte expresada no scherzo, condúcenos ata o ceo. O adagio preséntanos un estadio de transición, no que ri e chora á vez. A tristura da morte únese a ledicia de acadar un estado superior, chegando ao paraíso, todo expresado nunha forma de candidez propia dos nenos. Termina coa representación dos praceres celestiais como expresa a canción que forma o último movemento. Con esta obra remata o primeiro ciclo de sinfonías que tratan sobre a súa vida de heroe. Na primeira na busca da fe, a súa morte e resurrección na segunda, as marabilla da natureza converténdose en amor universal na terceira e finalmente cantando na cuarta, as ledicias da vida celestial. Toda unha viaxe en busca da felicidade, que non encontrara na terra, na vida futura.

PROGRAMA

Concerto para trompeta e orquestra en mi bemol maior, Hob VIIe/1 – J. Haydn Víctor Vilariño, trompeta

I. Allegro

II. Andante

III. Allegro

Sinfonía no. 4 – G. Mahler (versión K. Simon)

Xiana Insua, soprano

I. Bedächtig, nicht eilen (Prudente, sen acelera)

II. In gemächlicher Bewegung, ohne Hast (comodamente impulsivo, sen presa)

III. Ruhevoll, poco adagio (Tranquilo, poco lento) IV. Sehr behaglich (bastante cómodo).

Sábado 3 de abril

19:30h. Monólogo Danny Boy-Rivera

Guionista del programa de David Broncano, La Resistencia.

Prezo: 5 €

¡Stand-up! es la nueva aventura de Danny Boy-Rivera, una miscelánea de rutinas humorísticas que conforman una contundente oda al inconformismo. Un show de stand up comedy en el que Danny nos empuja a su peculiar visión de la vida, vista como una travesía de miedos y pasiones comunes en la que nos embarca partiendo desde la confesión más descarnada de su realidad personal o la fantasía onírica más inverosímil, sin perder en ningún momento la sonrisa durante el viaje.

Venres 9 de abril

19:30h. Miramiró

Prezo: 3€

Miramiró, da compañía de danza BAAL, é un espectáculo de cor e fantasía sobre a obra de Miró. Unha proposta de danza e animación de vídeo para os máis pequenos que nace do universo de Joan Miró, coproducida polo Teatro Principal de Palma e a compañía Baal, coa colaboración de Succesió Miró e Fundación Miró.

Unha cita para que os máis pequenos da casa disfruten en familia.

Sábado 10 de abril

20h. Y ahora qué? de Cía. Puntocero

Prezo: 3€

Espectáculo de circo, premio mellor espectáculo de rúa Festival Ávila

A eterna pregunta que nos facemos tódalas persoas algunha vez ...
Unha casa, 910 metros de corda e catro mulleres, cada unha nun momento vital distinto.
Paula, de volátil personalidade; Susana, cadriculada ata a loucura e, Eva, desesperada por ter un bebé. Elas tres conviven con Magda, unha pintora de maior idade, da que a súa experiencia serviralles as outras compañeiras de gran utilidade
Con esta mestura, ¡todo pode pasar!
Humor surrealista, con un toque poético e esperanzador.
Unha estética que non deixa a ninguén indiferente e impresionantes e belas coreografías das artistas nunha fachada de cordas de algodón, así como doutros elementos aéreos.
Y ahora qué? recibiu o premio do público no Festival Artescena 2017, Ávila.

Sábado 17 de abril

20h. Swing Machine Orchestra

Prezo: 3€

Swing Machine Orchestra, a primeira orquestra de cordas swing.
Unha proposta única, xenuína e aloucada con 12 músicos e bailaríns de diferentes procedencias: Cuba, Honduras, Arxentina e España para bailar ao ritmo frenético dos anos 30.
A orquestra presenta o espectáculo "Paseando el Swing", no que realiza un percorrido pola época dourada deste xénero musical interpretando arranxos das grandes formacións de Glenn Miller, Benny Goodman, Louis

Prima, Fletcher Henderson, Artie Shaw... e diferentes adaptacións realizadas para esta orquestra única en Europa. A formación consta de 5 violíns, 2 violas, 2 violonchelos, contrabaixo, batería e baile claqué.

Sábado 24 de abril

20h. La niña azul

Prezo: 3€

Arte e memoria histórica para público familiar

Porque as historias que non se contan, desaparecen

Un espectáculo sobre a historia silenciada, o descubrimento da expresión artística, o valor revolucionario da pedagogía e o poder transformador da arte e a palabra.

La niña azul conta a historia real da artista Katia Acín, unha nena pintora que abandona a súa vocación tras o fusilamento dos seus pais: o artista e pedagogo Ramón Acín e Conchita Monrás. Katia perde todo ao inicio da Guerra Civil. Deberá continuar adiante como Dona Ana María, profesora de Historia, pero de que historia?

Memoria histórica. Esta obra leva a escena a vida dunha de tantas familias represaliadas ao inicio da sublevación militar. O pai, Ramón Acín, foi un destacado artista e pedagogo que moitos chama “o Lorca do norte” (ámbolos dous, Federico e Ramón, foron amigos).

Venres 30 de abril

20h. Verto

Prezo: 5€

Música pop galega con influencias do trap e do R&B, mirando cara a música dos 80

VERTO son dous rapaces máis ou menos de Santiago que fan, antes ca nada, música Pop, da moderna, da de agora. Teñen influencias do trap e do R & B máis actual, pero miran con ansia cara a música dos 80.

Levan moi pouco tempo, concretamente dende novembro do 2019 que estrearon o seu primeiro single “Amolecer”. Dende aquela acumulan unha media de 26.000 oíntes mensuais en Spotify. Segundo eles mesmos din, non lles gusta tomarse tan en serio. Só queren facer música que lle faga bailar ós colegas. Só queren facer temas con moito autotune e coa maxia que ten grava na habitación de Fer, e con iso, ser capaces de chegar a todo o panorama estatal. Digamos que o seu é “Puro Ocio”.

Alberto Mira: Voz e guitarra.

Fer Peleteiro: Voz, síntese e produción musical.